GUÍA DIDÁCTICA

" COMUNIC-ACTUANDO: *Promoción da aprendizaxe cooperativa entre o alumnado de segundo da ESO para o deseño de xornadas culturais mediante actividades comunicativas"*

AUTORA: María Isabel Fernández Domínguez

Creación de materiais curriculares dixitais para secundaria. Licenza por formación para o curso 2014-2015

ÍNDICE

1.- INTRODUCIÓN ..……...…..…..……Páx. 3
2.- OBXECTIVOS EDUCATIVOS PRETENDIDOS……...
…….…..……..……..……..……..Páx. 4
3.- ASPECTOS CURRICULARES...……..…....……..Páx. 5
4.- METODOLOXÍA E ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS..Páx. 7
5.- ACTIVIDADES PROPOSTAS..……..…..…...……Páx. 11
6.-AVALIACIÓN DO ALUMNADO (MENCIÓN DOS MEDIOS PARA A RETROALIMENTACIÓN DAS APRENDIZAXES NO PROCESO AVALIATIVO)……Páx. 12

1.- INTRODUCIÓN E XUSTIFICACIÓN PEDAGÓXICA DOS MATERIAIS

Comunicactuando é un material educativo elaborado coa ferramenta Exelearning que ten como obxectivo prioritario facer desenvolver destrezas de índole comunicativa no estudantado de 1º ciclo de ESO, na materia de Lingua e Literatura castelá.

A partir das oportunidades da web 2.0, desenvolvimos materiais comunicativos para a xestión cultural a través de hábitos propios da cultura colaborativa como son o compromiso, a creatividade colectiva e a cooperación mutua.

O contexto de partida para a planificación e execución deste proxecto ven dado por termos detectado, ao longo destes anos de experiencia docente, uns patróns de comportamento no alumnado caraterizados, case sempre, pola inacción e a indolencia perante a organización de eventos socio-culturais nos centros educativos. Desafortunadamente, constatamos que unha grande porcentaxe de alumnado asume, por inercia, comportamentos pasivos cara a vida organizativa do centro, non só polo complexo proceso de transformación psicoafectiva que atravesa na adolescencia, mais, sobre todo, pola ausencia de hábitos de participación sociocultural na súa vida cotiá. Acostumados a que os adultos asuman o rol de organizadores e suxeitos activos da vida cultural do centro, o alumnado instálase nunha posición cómoda e unidireccional como consumidor pasivo dos eventos sociais e culturais do IES.

O proxecto Comunic-actuando funde as súas raíces no concepto de " Aprendizaxe cooperativa escolar", concepto intimamente ligado co concepto de Comunicación cuxo significado etimolóxico latino é " pór en común, compartir algo".

Neste sentido, co noso proxecto, buscamos promover unha maior cultura colaborativa nas aulas que beneficiaría ao longo do tempo, sempre que a dinámica sexa eficiente e prolongada, os procesos culturais de toda a escola. Seguindo o xa apuntado por Stendhouse, a cultura escolar representa "o conxunto de valores e significados compartidos polos seus membros" e "non é algo que se impón na pirámide da organización senón algo que se constrúe e se desenvolve durante o curso da interacción social"

Por estas razóns, achamos dun enorme interese desenvolver estes materiais xa que con eles esperamos potenciar: a creatividade, a cohesión, a convivencia, a responsabilidade e a coparticipación cultural no centro escolar en alumnos e alumnas que apenas comezan a se iniciar na vida educativa do ensino secundario.

O proxecto Comunic-actuando promociona a aprendizaxe colaborativa escolar por medio da xestión cultural para lograr a autoxestión persoal e a implicación social activa do alumnado en dinámicas culturais do centro educativo. Isto unido á participación consciente e á construción horizontal da sua aprendizaxe poderá determinar un novo modo de ser e estar na escola.

En relación co concepto de aprendizaxe cooperativa e fieis á máxima teórica do enfoque comunicativo no ensino actual de linguas “Aprender unha lingua é aprender o seu uso”, os materiais que elaboramos teñen como finalidade conseguir que o alumnado organice, a través dunha secuencia didáctica, unha xornada cultural a final de curso.

2.- OBXECTIVOS CURRICULARES PRETENDIDOS

Os obxectivos que procuramos atinxir con **“Comunicactuando”**, coinciden na súa totalidade cos que aparecen desglosados para a área de Lingua castelá e literatura no Decreto 133/2007 do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia:

· Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social e cultural.
· Utilizar a lingua para expresarse de forma coherente e adecuada nos diversos contextos da actividade social e cultural, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conducta.
. Utilizar a lingua oral na actividade social e cultural de forma adecuada ás distintas situacións e funcións, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
· Empregar as diversas clases de escritos mediante os que se produce a comunicación coas institucións públicas, privadas e da vida laboral.
· Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.
· Utilizar con progresiva autonomía e espírito crítico os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información para obter, interpretar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
· Facer da lectura unha fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo e consolidar hábitos lectores.
· Comprender textos literarios utilizando coñecementos básicos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.
· Aproximarse ao coñecemento de mostras relevantes do patrimonio literario e valoralo como un modo de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.
· Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
· Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos lingüísticos que supoñen xuicios de valor e prexuizos clasistas, racistas ou sexistas .

3.- ASPECTOS CURRICULARES

Os contidos curriculares que abordamos nos nosos materiais (Os textos expositivos, os textos instructivos, os textos literarios, a coherencia, a cohesión, a adecuación, a denotación, a connotación, os rexistros lingüísticos, a diversidade lingüística, etc) remeten á disposición en bloques - conforme ás tres destrezas nucleares do ámbito lingüístico- establecida para a nosa materia no Decreto 133/2007 do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia.

Estes bloques conéctanse entre si e son interdependentes:

Bloque 1. Falar, escoitar e conversar.

- Comprensión de informacións de actualidade procedentes dos medios de comunicación audiovisual.
- Presentación ordenada e clara de informacións previamente preparadas sobre temas do interese doalumnado, con axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Comprensión e composición de textos orais utilizados no ámbito académico atendendo especialmente á presentación de tarefas e instrucións para a súa realización, a breves exposicións orais e á obtención de informacións dos medios de comunicación en informativos e documentais.
- Participación activa en situacións de comunicación propias do ámbito académico, especialmente nas propostas sobre o modo de organizar a actividade, na achega de informacións útiles para o traballo en común e na exposición de breves informes sobre as tarefas realizadas.
- Participación activa en traballos en grupo cooperando e respectando os demais.
- Utilización da lingua para tomar conciencia dos coñecementos, das ideas e dos sentimentos propios e para regular a propia conduta.

Bloque 2. Ler e escribir: Comprensión e composición de textos escritos.

- Comprensión e composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como normas e comunicacións.
- Comprensión e composición de textos do ámbito académico, atendendo especialmente aos expositivos e explicativos, ás instrucións para realizar tarefas, á consulta, en diversos soportes, de dicionarios, glosarios e outras fontes de información, como enciclopedias e webs educativas.
- Utilización progresivamente autónoma das bibliotecas e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e de modelos para a composición escrita.
- Reflexión crítica con respecto á información disponible ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación.
- Utilización da composición escrita como fonte de información e de aprendizaxe, como forma de comunicar as experiencias e mais os coñecementos propios, e como forma de regular a conduta.
- Dominio das normas de presentación dos textos escritos tanto en soporte papel como

dixital, con respecto polas normas ortográficas, gramaticais e tipográficas.

Bloque 3. A educación literaria.

- Composición de textos de intención literaria utilizando algunhas das aprendizaxes adquiridas nas lecturas dirixidas.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca do centro e de bibliotecas virtuais.
- Desenvolvemento da autonomía lectora e do aprecio pola literatura como fonte de pracer e de coñecemento doutros mundos e culturas.

Bloque 4. Coñecemento da lingua.

- Recoñecemento das diferenzas contextuais e formais relevantes entre comunicación oral e escrita e entre os usos coloquiais e formais nos discursos alleos e na elaboración dos propios.
- Identificación e uso reflexivo dalgúns conectores textuais, como os de orde, explicativos e de contraste, e dalgúns mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais (substitucións pronominais) como léxicos, especialmente as elipses e o uso de hiperónimos de significado concreto.
- Uso de procedementos para compoñer os enunciados con estilo cohesionado, especialmente a inserción de expresións explicativas e o emprego de construcións de participio e de xerundio.
- Interpretación das informacións lingüísticas que proporcionan os dicionarios escolares e outras obras de consulta, especialmente sobre clases de palabras, relacións semánticas do léxico e normativa.

4.- METODOLOXÍA E ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS

Os materiais educativos e multimedia de **Comunicactuando** están pensados fundamentalmente como recurso didáctico para o espazo Abalar, un proxecto que traballa para a integración plena das TIC na comunidade educativa galega.
Concebido conforme á estratexia metodolóxica de *Learning by projects* (Aprender por proxectos), **Comunicactuando** consiste na realización dun proxecto en que unha tarefa final (A organización dunha xornada cultural) debe se resolta a través da implementación dunha serie de habilidades e procedimentos adquiridos.

Por outra parte, o enfoque interactivo de organización de **Comunicactuando** permite que o alumnado sexa responsábel da súa aprendizaxe nunha estratexia de corresponsabilidade para atinxir metas e incentivos grupais.

Isto non é óbice para que, tanto nas aulas Abalar, como nas aulas nas que se dispoña dun equipamento técnico de pizarra dixital, o profesorado poida simultanealos tamén dentro da súa estratexia expositiva de clase. Nese sentido, están configurados para que o docente poda expor a súa materia no cadro dixital, apoiándose nos textos e nas actividades multimedia propostas ao longo da secuencia didáctica deseñada en **Comunicactuando.**

Os materiais de **Comunicatuando** seguen o esquema pedagóxico do " enfoque por tareas ", coñecido tamén como " secuencia didáctica" mais iso non implica que o docente non poda, cando así o precisar, variar a orde cronolóxica da secuencia ou focalizar só os aspectos curriculares específicos que lle interesen de toda a secuencia planificada.

Alén da posibilidade expositiva comentada, a metodoloxía dos nosos materiais é perfectamente compatíbel, como xa dixemos, con unha metodoloxía participativa onde o alumnado é suxeito activo da aprendizaxe. Nesta metodoloxía activa e significativa, pártese, como xa comentamos, dunha situación real de comunicación: a creación e celebración dunha xornada cultural, que serve para ancorar as habilidades adquiridas ao longo do proceso. Todas as actividades, ademais, están deseñadas para que o alumnado poda cooperar e traballar en equipa, sumar forzas e buscar sinerxias para construir consensos, dentro duns intereses compartidos.

No índice de **Comunicactuando** no epígrafe ***" Como nos organizamos e traballamos en Comunicactuando",*** comprobarase como a metodoloxía empregada está pensada para que o alumnado poda asumir responsabilidades na acción pedagóxica e ser protagonista das decisións tomadas.

Comunicactuando está concebido preferentemente para que o grupo de alumnos e alumnas asistan a unha serie de sesións de formación e aprendizaxe nun mesmo espazo e lugar mais este método presencial, non impide que o alumnado e o profesorado a través dos recursos multimedia online podan, en algúns momentos, non encontrarse na mesma situación xeográfica e regular os seus ritmos de participación e aprendizaxe en función das súas disponibilidades e capacidades.

Se o profesorado pode utilizar o material de **Comunicactuando,** dacordo con unha estratexia expositiva, tipo aula maxistral, o alumnado, de xeito individual ou grupal, traballará os materiais no espazo da aula e na casa seguindo as directrices marcadas no epígrafe: ***" Como nos organizamos e traballamos en Comunicactuando"*** e cos programas e aplicacións informáticas requeridas no epígrafe do índice de Comunicatuando: ***" Almacén de recursos TIC"*** . Faise necesario, por tanto, contar con un equipamento técnico en boas condicións de computadores e unha boa conexión a Internet.

Conforme ao sinalado anteriormente, a confección dos nosos materiais dixitais funde a súa ráiz no prefixado na proposta didáctica de produción global do método comunicativo, coñecida como "secuencia didáctica ou enfoque por tarefas".
Segundo Dolz, "As secuencias didácticas consisten en pequenos ciclos de ensino e aprendizaxe formados por un conxunto de actividades articuladas e orientadas a unha finalidade. Pretenden artellar de forma explícita os obxectivos, os contidos e as actividades nun proxecto de traballo. Están minuciosamente planificadas e adaptadas a cada situación educativa" .

A secuencia didáctica deseñada en **Comunicactuando**:

– Constitúe e se identifica como unha unidade de traballo na aula. Para que o alumnado desenvolva as súas propias estratexias, forneceuselle un "input", que posibilita a interiorización para a motivación da tarefa final. Neste caso, na secuencia didáctica proposta, trátase da contextualización e a finalidade da tarefa final: o deseño por parte do alumnado dunha xornada cultural nun espazo a escoller dentro do centro educativo.
– Propón situacións ou problemas relacionados coa vida real xa que lle achega ao alumnado documentos auténticos que lle permiten vincular a aprendizaxe comunicativa á súa vida cotiá para que sinta que as súas producións teñen un vínculo coas súas experiencias vitais. No caso concreto de **Comunicactuando**, referímonos á investigación e á documentación sobre diversidade lingüística na súa contorna en contrate ou en paralelo com outros ecosistemas lingúísticos.

– Reflicte sobre os distintos contextos propios da vida do alumnado. Na nosa secuencia, esta reflexión é levada a cabo a través da documentación gráfica e visual da súa contorna e a comunicación coa comunidade educativa e local, seguindo os criterios de coherencia , cohesión e adecuación, mediante a elaboración dos textos propostos, nas nosas actividades e a tarefa final, etc.

– Ten un obxectivo claro de aprendizaxe: Os obxectivos e contidos desglosados na secuencia didáctica, segundo o Decreto 133/2007 do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria.

– Inclúe a avaliación como parte fundamental do proceso: o deseño dos materiais mediante unha secuencia didáctica permite integrar os diferentes tipos de avaliación (avaliativa, inicial, formativa e

sumativa). Achamos que potenciar a confección dun caderno por parte do alumnado será tamén un elemento importante da nosa metodoloxía para avaliar aprendizaxes e potenciar o seu próprio autoaprendizaxe.
- Facilita a xeneralización do aprendido a nova situacións: como xa explicamos no diágnóstico e xustificación previa, estes materiais pretenden lograr que o alumnado aplique o aprendido a futuras situacións de contextos de preparación de proxectos culturais no centro educativo.

A continuación, incluimos algunhas das orientacións didácticas para levar a cabo o proceso de Comunicactuando:

A. Dinámicas de actuación para o profesorado:

Aínda que Comunicactuando inclúe certas actividades que poden ser realizadas de maneira individual, a maioría das tarefas propostas só enténdense a través do traballo en equipo. Por tanto, o noso consello é que o docente dedique un tempo previo ao estudo do grupo e realice un sociograma do mesmo. Isto facilitará en enorme medida o éxito dos equipos na aprendizaxe, do mesmo xeito que a observación do grupo e o noso futuro feedback com o alumnado.

Os procedementos para traballar en equipo serán os seguintes:

- División da clase en subgrupos de 3 a 4 membros. Os criterios de división e de asignación dos membros nos subgrupos han de ser sempre en función dos nosos obxectivos como docentes no que respecta a cada actividade proposta.

No xeral, se nolo permite o cronograma, deberán ser subgrupos heteroxéneos con estudantes con diferentes capacidades e diferentes niveis de habilidade. O ideal sería que ao longo de todo o proceso de Comunicactuando se fosen configurando subgrupos diferentes en función do tipo de actividade proposta e das diferentes capacidades e habilidades do alumnado.

Algo importante e crucial é que o liderado sexa compartido, que todo o mundo poda ser portavoz nalgún momento e que todo o mundo asuma diferentes responsabilidades.

B. Dinamicas de actuación para o alumnado:

a.- Como parte dun equipo:

Deberedes dispor dun caderno ao que poredes na súa portada o título de Comunicactuando. Este caderno é o libro-guía de todas as vosas actuacións: toma de notas, rexistro de vocabulario importante, tarefas que debedes executar e seguir conforme á axenda marcada, etc.

Ademais, deberedes decidir, unha vez formedes parte dun subgrupo determinado, o nome do voso equipo. Anotaredes o nome do equipo no caderno e o nome dos membros que formades parte do mesmo.

A partir dese momento, cada subgrupo pasará a ser designado polo resto de compañeiros e compañeiras e o seu profesor-a con ese nome. Se, para cada nova actividade proposta, confórmanse novos equipos, deberedes anotar outros nomes diferentes para estes novos subgrupos. Do mesmo xeito, anotaredes aos membros que integran os equipos constituídos.

Ademais do caderno, que servirá como axenda e material inmediato para tomar notas e traballar en clase, deberedes traballar dixitalmente nos vosos computadores. Todo o equipo creará un cartafol de traballo denominada Comunicactuando. Dentro dese cartafol, haberá subcarpetas con cada unha das tarefas de Comunicactuando desenvolvidas no proxecto.

Ben presencialmente cando fose posible, ou a través de Loomio, mail ou algunha rede social como Whatsapp, crearedes un grupo de comunicación para discutir aspectos das tarefas que deberedes desenvolver ao longo do proxecto de Comunicactuando.

No cartafol do proxecto Comunicactuando, compartiredes sempre, en cada grupo, todos os documentos (texto, vídeos, imaxes, audio, etc.)

Utilizaredes Loomio como ferramenta para a votación dos proxectos que levedes a cabo, codecidiendo, entre todos e todas, as cuestións relativas á calidade do proxecto.

Ao final de Comunicactuando, cada equipo realizará unha avaliación da súa experiencia.

b.- Cos documentos de traballo dixitais para cada tarefa de Comunicactuando :

Abrimos, en primeiro lugar, un cartafol xenérico denominada Comunicactuando. A continuación, para cada tarefa executada diferente imos abrir de novo un subcartafol co nome da tarefa que imos levar a cabo en Comunicactuando. Dentro deses subcartafois, irán todos os arquivos necesarios: documentos de texto, imaxes, etc.

Copiamos e pegamos o modelo cos elementos do documento de traballo que aparecen en cada actividade comunicativa.

Inserimos o texto, as imaxes e os outros elementos até completar o documento de traballo.

Subimos o documento documento ao Cartafol de Proxecto do noso grupo.

No que refere ao cronograma da secuencia, a nosa orientación didáctica é que se aplique a secuencia didáctica entre o segundo e o terceiro trimestre de Segundo da ESO, xa que consideramos que se abordarán contidos que implican xa contidos previos adquiridos no Primeiro curso de ESO e na primeira e segunda avaliación de Segundo de ESO.

5.- ACTIVIDADES PROPOSTAS

Comunicactuando divídese en tres módulos diferentes:

1.- En **Decidindo junt@s**, trabállanse aspectos decisivos para programar e organizar unha xornada cultural.
As palabras clave deste módulo son:
" Decidindo xunt@s coa web 2.0, o espazo, o enfoque da xornada e a través do consenso".
Cunha metodoloxía participativa, decidiremos entre tod@s:
- O espazo máis adecuado para a súa realización e para que tipo de público concreto imos organizala.
- O tempo de duración ou cronograma e o día da súa celebración.
- Os contidos máis concretos, os enfoques que daremos á nosa xornada sobre Diversidade lingüística e cultural.
  - A repartición de tarefas: onde e como cremos que nos vemos mellor o día da celebración da xornada (Loxística, conferencias, presentacións, etc).



Neste módulo, as actividades propostas a través da ferramenta de Exe-learning son actividades de lectura, estudos de casos concretos para aprender a decidir como organizar a xornada cultural, visualización de contidos multimedia para levar a cabo reflexións específicas e algunhas preguntas de verdadero- falso.

2.- En **Comunicando as nosas ideas**, construiremos as diferentes mensaxes que son necesarias para a divulgación e a celebración dunha xornada.
Aprenderemos a:
- Ler en voz alta con pausas e entonación un texto.
- Coidar o noso rexistro lingüístico formal en contextos que así o requiren.
- Deseñar un cartel e un programa para un evento.
- Escribir unha nota de prensa e un mail de convite ao evento.
-Realizar unha correcta exposición de contidos nunha charla didáctica ou conferencia.
- Expor oralmente un discurso.



Neste módulo, as actividades propostas a través da ferramenta de Exe-learning son tamén actividades de lectura, estudos de casos concretos para aprender a comunicar de xeito externo unha xornada cultural, galería de imaxes, visualización de contidos multimedia para levar a cabo reflexións específicas e algunhas preguntas de verdadero- falso e de elección múltiple.

3.- En **Actuando**, poremos en práctica o aprendido e dedicarémonos, basicamente, a avaliar a experiencia.
Neste módulo, as actividades propostas a través da ferramenta de Exe-learning son actividades de lectura e reflexións específicas para avaliar de xeito interno e externo unha xornada cultural

6.- AVALIACIÓN DO ALUMNADO

Que avaliaremos?

Os criterios que se terán en conta para proceder a avaliar os contidos curriculares mencionados supra aparecen recollidos na lexislación establecida para a nosa materia no Decreto 133/2007 do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da ESO na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Captar a intención comunicativa e a idea xeral e secundarias dos textos orais social e académicamente próximos ao alumnado; identificar a información relevante en textos audiovisuais; e seguir instrucións para a realización autónoma de tarefas de aprendizaxe.
Este criterio está destinado a comprobar se o alumnado é capaz de obter, seleccionar e relacionar información de textos dos ámbitos audiovisual e escolar; se reflexionou sobre os mecanismos de comprensión dos textos orais - interese por facerse escoitar e ser entendido- e sobre os procedementos utilizados para iso.

- Comprender a intención comunicativa e captar a relación entre a idea xeral e as secundarias de textos escritos próximos á experiencia do alumnado; e seguir instrucións de certa extensión.
Con este criterio avalíase se as/os estudantes son capaces de detectar e entender información ou ideas relevantes -explícitas e implícitas- en textos escritos próximos ao seu contorno, así como se son capaces de facer deducións baseadas no texto: xeneralizacións, propósito; se identifican ideas principais e secundarias; se identifican elementos de descrición, fases de procesos pouco complexos e secuencias de feitos en narracións de desenvolvemento temporal lineal e non lineal e aplican técnicas de organización de ideas como esquemas xerárquicos e mapas conceptuais; se seguen instrucións en procesos de certa extensión.

- Expoñer, resumir, e explicar , en soporte papel e dixital, usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade e cohesión, respectando as normas gramaticais e ortográficas, e valorando a importancia de planificar e revisar o texto.
Trátase de avaliar a capacidade para redactar textos do mundo persoal, cultural e académico (explicacións e exposicións académicas sinxelas, resumos) usando o rexistro adecuado e unha organización clara do contido. Valorarase a presentación en soporte papel ou dixital, con respecto ás normas ortográficas e tipográficas, e a aplicación da planificación e revisión de textos.

- Realizar exposicións orais sinxelas sobre temas próximos ao contorno do alumnado, claras e estruturadas, coa axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.
Búscase con este criterio observar se as alumnas e os alumnos son capaces de presentar de forma

ordenada e clara informacións sobre algún tema do seu interese, seleccionando o máis relevante e tendo en conta a comprensión das persoas que escoitan; terase en conta tamén se son capaces de utilizar nas súas exposicións os apoios que proporcionan as TIC e os medios audiovisuais.

- Identificar en textos orais e escritos a presenza dun uso sexista da linguaxe ou de valoracións discriminadoras sobre colectivos ou culturas distintos.
Con este criterio inténtase comprobar se o alumnado é capaz de detectar, tanto nos textos alleos como nos propios, algún tipo de prexuízo moral, cultural ou sexista, non só no contido senón tamén na linguaxe utilizada.

- Compoñer textos, en soporte papel ou dixital, tomando como modelo textos literarios ou realizar algunhas transformacións neses textos.

Avaliarase a capacidade para recrear ou imitar poemas ou relatos utilizando determinados recursos como a rima ou o ritmo ou realizando algunha transformación neles. Avaliarase, máis que a calidade literaria das producións, a utilización dos coñecementos adquiridos e o uso de pasos propios do proceso (planificación, escritura do texto, revisión).

- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e revisión dos textos propios deste curso. Con este criterio trátase de comprobar que se adquiren e utilizan determinados coñecementos sobre a lengua e as normas de uso en relación coa comprensión, a composición e a revisión de textos. Atenderase a significados contextuais da modalidade oracional; a conectores explicativos, de contraste e de orde; ao uso da deíxe, de recorrencias e de elipses; así como aos valores do presente de indicativo e de subxuntivo e ao uso de construcións de participio e de xerundio. En canto ás normas ortográficas, atenderase á acentuación de hiatos e de ditongos, usos de acento gráfico con función diacrítica máis frecuentes, ortografía de verbos irregulares, distintos modos de usar os signos de puntuación en diálogos e usos do punto e da coma.

Como avaliar?

A avaliación será, nun principio, inicial a través do debate de presentación do proxecto e dos exercicios presentados na primeira sesión.
Despois haberá avaliación formativa a través dos seguintes mecanismos:
A observación continua e sistemática das actitudes do alumnado, da súa forma de organizar o traballo, das estratexias que utiliza, de como resolve as dificultades que se atopa, nas tarefas de investigación, comunicación e posta escena, tanto individualmente como en grupo.
A revisión e análise dos traballos do alumnado permitiranos comprobar os materiais producidos de tipo oral e escrito tanto en equipo como de maneira individual. Revisaranse e corrixirán de forma continua os exercicios expostos e as actividades comunicativas que se presenten perante o grupo.
Se se detectan dificultades, tentarase ademais reorientar o proceso de aprendizaxe.
Na avaliación sumativa, ao ser unha proposta de traballo académico máis práctico e participativo obviarase, pois, unha proba obxectiva escrita de análise de coñecemento e primaranse mecanismos de avaliación continua relacionados co traballo, constancia e aplicación diaria do alumnado.

O caderno do profesor e os informes personalizados deberán reflectir estes parámetros sinalados.

b) Avaliación do profesorado:

Que avaliar?

Por unha banda, a consecución dos obxectivos por parte do alumnado, a adecuación das actividades, metodoloxía e recursos ao alumnado destinatario e por outra, o control e organización das actividades.

Como avaliar?

A través do caderno do profesor, írase anotando cuestións relativas ao proxecto de actividades ao longo de todo o proceso de aprendizaxe. Ao final do proxecto, pasarase un cuestionario con preguntas ao alumnado sobre a valoración do proxecto.